

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

RESOLUCIÓN do 12 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, pola que se ordena a publicación do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Consonte o establecido non artigo 33 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, esta dirección xeral dispón a publicación do acordo que figura como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2021

Blanca García-Señoráns Álvarez
Directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

ANEXO**Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 6/2021, de residuos e solos contaminados de Galicia**

A Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade

Autónoma de Galicia adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Iniciar negociacións para resolver as discrepancias manifestadas en relación cos artigos 3, 5, 44, 55, 56, 57, 58, 59, 60 e 61 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Segundo. Designar un grupo de traballo para proporlle á Comisión Bilateral de Cooperación a solución que proceda.

Terceiro. Comunicar este acordo ao Tribunal Constitucional para os efectos previstos no artigo 33.2 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, así como inserir o presente acordo no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Miquel Octavi i Llorens
Ministro de Política Territorial e Función
Pública

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Turismo

